



O Entroido de Sergude “volve para quedar”

A parroquia de Sergude retomou con forza o seu tradicional Entroido. Despois dun ano no que se celebrou nas redes sociais, o Entroido de Sergude “volve para quedar”, como se escoitou nun dos cantos de parranda emulando ás Tanxugueiras.

O tempo acompañou e a festa arrincou de mañá,

cando o grupo “Son de gaita de Sergude” percorreu os bares da parroquia cos seus cantos de taberna. E pola tarde: velladas, gaiteiros e parranda, que deron paso aos correos e os tradicionais Atranques dos Xenerais.

Só faltou o concurso de disfraces, que queda para unha próxima edición.



A Xunta permite solicitar de novo os permisos de queima agrícola e forestal

O Concello de Boqueixón informa de que a Consellería do Medio Rural volve permitir, dende o pasado 23 de febreiro, tramitar permisos para facer queimas de acordo coa normativa de aplicación. Isto é así debido a que as condicións meteorolóxicas así o permiten.

Así, as persoas interesadas poden realizar as comunicacións e solicitudes de autorización de queimas a través da web do Medio Rural. Ademais, en días laborables, tamén estará a disposición dos cidadáns o teléfono 012 para comunicar as queimas.

O Concello inicia o reparto de composteiros porta a porta

O Concello de Boqueixón iniciou o reparto de composteiros porta a porta. Unha iniciativa ecolóxica que permitirá ás familias do municipio reciclaren todo os refugallos orgánicos que producen e que, segundo Sogama, roldan o 50% da bolsa do lixo. Grazas ao composteiro, ese lixo transfórmase nun compost que pode reutilizarse como abono da terra.

Aquelas persoas que non o recibiran por non estaren neses momentos na casa, poden solicitar o seu composteiro no Concello ou en compostaxe@boqueixon.com, achegando un formulario que atoparás na web municipal: www.boqueixon.gal.



Entrega dun dos composteiros adquiridos polo Concello de Boqueixón



Munín pide melloras no acabado das obras da ponte de Quián

O alcalde, Manuel Fernández Munín, aproveitou a visita do delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, para trasladarlle a necesidade de acometer melloras nos acabados das obras da ponte de Quián, nas que a Xunta investiu 140.000 euros. Ademais, pediulle a ampliación da estrada cara o CFEA de Quián.



Avanzan os traballos de roza e limpeza das pistas de monte

O Concello de Boqueixón vén de iniciar os traballos de limpeza das pistas de monte nas parroquias de Sergude, Vigo, Lamas e Gastrar (a falta de dúas pistas). Uns traballos nos que tamén limparon as cunetas de pistas nas que se van acometer obras de mellora nas próximas semanas.

Boqueixón destinará o POS+ 2022 ao arranxo de 31 estradas en todas as parroquias

O Pleno de Boqueixón aprobou o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2022, que suma 379.262,43 euros. O Goberno municipal destinará este plan a arranxar 31 estradas do municipio, atendendo ás necesidades detectadas nas distintas parroquias. O POS+2022 foi aprobado cos votos a favor do PP e o voto en contra de Veciños de Boqueixón.

O alcalde, Manuel Fernández Munín, explicou que “a elección das obras fíxose atendendo ao estado das estradas, polo que destinaremos os 198.737,40 euros da Achea Provincial 2021 aos viarios en peor estado de conservación e as demais as incluiremos no Plan Complementario”. O alcalde adiantou que o equipo de Goberno “valorou proxectos de obras por máis de 900.000 euros”, que “tentaremos acometerlos todos eles con cargo ao Remanente de Tesourería”.

Proxectos POS+2022

Os 198.737,4€ da Achea 2021 investiranse en dous proxectos de obras de mellora do firme de 21 camiños. Así, o proxecto “Mellora do firme do acceso á Carballeira (Sucira) e outros” investirá 104.150,3€ na mellora do firme dunha dúcia de viarios: acceso á Carballeira (Sucira), interiores en Reboredo, camiño en Maravexás, camiño de Casalvieito á AC-240, camiño da Fonte de Loureiro, camiño da AC-240 ata o límite con Touro, camiño da AC-960 a Mato, interiores en Vilaboa, interior en Senande, camiño da AC-261



As obras foron aprobadas cos votos a favor do PP e o voto en contra de Veciños

ao Monte do Rubio, accesos en Vilaboa e interiores en Piñeiro de Abaixo.

Pola súa banda, o proxecto “Mellora do firme do camiño de Rodiño Pequeno a Casanova e outros”, cun orzamento de 94.587,10€, inclúe melloras na plataforma de nove viarios: do camiño de Rodiño Pequeno a Casanova, do camiño da Cooperativa ao parque de Gándara, interiores en Gándara, de Deseiro de Arriba a Quián, acceso a camiño de servizo en Lestedo, rúa Leoncio Millán, da pista da travesía de Milleirós ao acceso aldea, da pista da travesía de Milleirós a Salgueiral e da pista de acceso ao cemiterio de Rubial.

Plan Complementario

Así mesmo, o Pleno apro-

bou un Plan Complementario por 288.218,4€ distribuídos en tres proxectos de obras. O primeiro deles é a mellora do firme dende o cruce de Ardilleiro Grande ao cruce de Ardilleiro Pequeno, por un importe de 106.451,29 euros.

O segundo proxecto, “Mellora do firme do viario do camiño de Pumares á fábrica de formigón”, conta cun orzamento de 102.376,08 euros. Este proxecto inclúe un total de 6 actuacións de mellora de viarios: do camiño de Pumares á fábrica de formigón, da Pena ao límite con Touro, do polígono industrial a Deseiro de Arriba, do camiño de Quián a Ardilleiro, do camiño de Ramil á rúa Tucho Quinteiro e dunha pista en Pazos.

O terceiro proxecto, “Me-

Concello sen débedas bancarias

Por outra banda, o Concello de Boqueixón destinará os 180.525,03 euros da Achea 2022 a gasto corrente, que serán investidos sobre todo para costear o consumo enerxético. Ademais, renunciou aos 13.539,38 euros do Préstamo 2022 “xa que non temos ningunha débeda bancaria”, puntualizou o alcalde.

llora do firme do viario do camiño dende o cruceiro de Pousada a Granxola e outros”, conta cunha inversión de 79.391,03€. O proxecto inclúe tres actuacións de mellora de viarios: do camiño dende o Cruceiro de Pousada a Granxola, do camiño de AC-240 a Loureiro e do camiño de Pumariño a cruce da estrada Igrexa.

O voceiro de Veciños de Boqueixón anunciou o voto en contra do seu grupo debido á caída dun 20% na achega provincial 2021 e do 32% no Plan Complementario con respecto ao ano pasado. Pola súa banda, o voceiro do Grupo de Goberno, José Manuel Iglesias, destacou que o Concello destinará estes cartos “a 31 actuacións que se desenvolverán en 2022 en distintas estradas atendendo ás necesidades detectadas nas distintas parroquias do concello”, lembrando que “estamos abertos a calquera suxerencia da oposición”.

Atención á dependencia

O Plan Adicional 2022 para gastos sociais foi aprobado por unanimidade, pese as queixas do voceiro da oposición da redución de case un 50% das achegas da Deputación con respecto ao ano anterior e a desaparición de axudas a EPIS ou a dixitalización. O alcalde explicou que os 63.183,76 euros do plan investiranse no servizo de atención á dependencia, así como na financiación do programa de prevención de dependencias, material de estimulación cognitiva para os maiores e atención de persoas en situación de necesidade.



O Entroido chega ás persoas usuarias do Programa de Estimulación do SAF

As persoas usuarias do Programa de Estimulación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de Boqueixón

quixeron compartir coa veciñanza os traballos manuais que realizaron de cara a este Entroido.

Todas as persoas usuarias, canda as que colaboraron na elaboración das máscaras, recibirán un *Certificado de*

Recoñecemento polo seu traballo asinado polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

Montserrat Díaz Raviña, socia de honra da SECS

Montserrat Díaz Raviña, veciña de Sergude e investigadora científica do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas), vén de ser nomeada *Socia de Honra 2022* da Sociedade Española da Ciencia do Solo (SECS).

A SECS é unha entidade

científica sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é promover o estudo do solo, preservar o coñecemento adquirido sobre a materia e difundir o papel que xoga o solo na sociedade, como a produción de alimentos ou ser soporte das actividades humanas.



A XXIX Festa da Filloa de Lestedo terá lugar o domingo 6 de marzo

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; o deputado autonómico e presidente da Comisión de Control da CRTVG, Ovidio Rodeiro Tato; e o presidente da Asociación Cultural da Filloa, José Manuel Canabal, presentaron na Hospedería San Martín Pinario (Santiago) o programa da 39ª edición da Festa da Filloa de Lestedo, que terá lugar o domingo 6 de marzo.

O alcalde explicou que a Festa da Filloa “volve despois dun ano cos fogóns apagados por mor da pandemia sanitaria” e destacou que “é unha festa moi ligada á promoción da cultura e das tradicións galegas”. Por iso, agradeceu especialmente á veciñanza de Lestedo e á Asociación Cultural da Filloa “por ser quen de elaborar un programa tan completo nun tempo récord”.

Novidades

Pola súa parte, José Manuel Canabal destacou que o programa deste ano contempla grandes novidades, motivadas pola situación sanitaria. “A primeira delas é o cambio de hora do Gran Alto dos Xenerais da Ulla, que pasan da tarde ás 12:30 horas, xusto antes do pregón e que non haberá Desfile de Xenerais”, indicou Canabal.

Neste sentido, a organización contará cunha empresa especializada que se encargará de que se cumpra en todo momento a normativa preventiva fronte á Covid-19 e de que non se produza ningún tipo de masificación no campo da festa.



Presentación da XXIX Festa da Filloa na Hospedería San Martín Pinario

Finalmente, Ovidio Rodeiro asegurou que esta festa “é unha celebración que representa un recoñecemento aos homes e mulleres de Lestedo que levan 39 anos facendo unha

festa de parroquia que, ao mesmo tempo, lograron que sexa unha das festas gastronómicas máis importantes de Galicia e co selo de Festa de Interese Turístico Galego”.



Degustacións en El Corte Inglés de Santiago ata o 4 de marzo

Do 23 de febreiro ata o vindeiro 4 de marzo, todos os días entre as 13:00 e as 16:30 horas, unha filloeira elaborou Filloas de Lestedo na cafetería de El Corte Inglés de Santiago, que poderán ser degustadas polas persoas que asistan ao centro comercial. O director rexional de Comunicación de El Corte Inglés, Pati Blanco, destacou “os 9 anos de apoio á Festa da Filloa de Lestedo e a importancia da elaboración artesanal deste produto identitario da cultura gastronómica de Galicia e, en especial, do seu Entroido”.

Programación da XXIX Festa da Filloa de Lestedo

A XXIX Festa da Filloa dará comezo o 6 de marzo, ás 10:00 horas, co acendido da máquina filloeira. Ás 11:00 horas, o Local Social de Lestedo acollerá a inauguración da mostra fotográfica “39 anos filloando”, organizada pola asociación de veciños de Lestedo. Durante o acto entregaranse os premios do II Concurso Fotográfico “Filloarte”, que se está celebrando a través da fan page en Facebook da Asociación Cultural da Filloa.

A actuación de grupos da asociación cultural Mestre Manuel Gacio (11:30 h) e a tradicional parranda de entroido (12:00 h) no campo da Festa darán paso ao Gran Alto dos Xenerais da Ulla, que terá lugar ás 12:30 h. Mediante estrofas rimadas e con moita ironía e humor, falarán de política e temas de actualidade para dar paso á actriz María Mera, que presentará o pregón das festas, que correrá a cargo do profesor e escritor Xosé Manuel Lobato.

A orquestra Finisterrre porá o broche final a unha intensa mañá coa sesión vermú. Esta formación, canda a orquestra Olympus, protagonizarán a verbena a partir das 18:00 h.

“Tardes pola igualdade” para sensibilizar á rapazada en tolerancia e respecto aos demais

O ximnasio municipal do Forte acollerá todos os venres do mes de marzo as “Tardes pola igualdade”, unha iniciativa organizada polo Concello de Boqueixón e o centro de información á muller, dentro das actividades relacionadas coa promoción da igualdade do 8M. Unhas actividades gratuítas que se realizan con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero e do Ministerio da Igualdade.

As “Tardes pola igualdade” consisten en realizar actua-

cións de contacontos dinámicos e de teatro dirixidas a nenos e nenas de educación infantil e primaria. Unha iniciativa gratuíta que terá lugar no ximnasio municipal do Forte entre as 15:30 e as 16:25 horas de todos os venres do mes de marzo. “O que se pretende é que a rapazada disfrute e se sensibilice en igualdade, tolerancia e respecto aos demais dun xeito lúdico. Fomentar unha sociedade progresista cunha igualdade real entre mulleres e homes”, explica o

alcalde, Manuel Fernández Munín.


Aquelas persoas que estean interesadas en participar deberán inscribir ás súas crianzas no mail cim@boqueixon.com ou ben chamar ao teléfono 981 513 115, Dpto de cultura. A programación de “Tardes pola igualdade” é a seguinte:

- Venres 4 de marzo: Espectáculo Príncipas e Príncipes, De 15:30 a 16:15 horas. Contaconto atípico cun pouco de teatro a cargo de Pablísimo.

- Venres 11 de marzo. A pequena gran inventora, de 15:30 a 16:15 horas. Contacontos participativo coa rapazada a cargo de Trémola teatro.

- Venres 18 de marzo. Estrafalaria. De 15:30 a 16:25 horas. Contacontos participativo coa rapazada a cargo de Atenea García, de Xarope Tulú

- Venres 25 de marzo. Valente e rebelde, a cargo de Trémola teatro. De 15:30 a 16:25 horas. Unha actuación teatral.



Remata o obradoiro para nais e pais “Educar en familia”

O pasado mes de febreiro tiveron lugar as derradeiras sesións do obradoiro “Educar en familia”, que dende o pasado mes de novembro viña impartindo María Soto no CPI Antonio Orza Couto. María Soto presentoulles a disciplina positiva, unha metodoloxía educativa que defende o equilibrio entre a firmeza e

o cariño, dando claves para establecer límites dende unha actitude amable, axudando á rapazada a crecer como persoas adultas estables e libres.

Ante a boa acollida da iniciativa, o Concello de Boqueixón adquiriu o libro “Educa bonito”, que está a disposición da veciñanza na biblioteca municipal.



María Soto impartiu as sesións de “Educar en familia” no CPI Antonio Orza

“Educar en familia” está integrado no proxecto de Prevención de Condutas Adictivas de Boqueixón, Teo e Touro, que traballa coas familias e cos esco-

lares nos distintos centros educativos a través de cine e saúde, obradoiros de habilidades sociais, internet segura, prevención de consumo de substancias...

O Entroido: tradición que perdura ante a adversidade

Os Xenerais da Ulla son un exemplo de como a unidade parroquial é o factor clave da conservación da tradición no rural galego

Entroido, antroido, entroido, entruído, entrudío... Hai moitas formas de poñerlle nome a estas datas de festa, diversión e tradición pero só unha forma de vivilas: con entusiasmo e respecto polas orixes.

É que o entroido é unha festividade con séculos de historia e a súa orixe non é só a festa, senón que ten un significado semántico baseado no latín. Entroido vén da palabra latina introitus que significa "entrada" ou "comezo". Así, esta celebración anuncia a chegada da primavera, o rexurdimento da vexetación e a fertilidade da terra.

Este recibimento tan ousado e transgresor non pasa desapercibido nas terras de Boqueixón, que ten as súas propias normas para levar este divertimento a outro nivel. O noso concello convértese nunha das referencias de Entroido na provincia da Coruña grazas aos Xenerais da Ulla.

Tradicionalmente, os Xenerais da Ulla teñen a súa propia organización e forma de levar a festa. Estes personaxes desprázanse en forma de "columna" e van ben acompañados. De primeiro van os correos, encargados de anunciar as máscaras. Séguenos dous xinetes a cabalo que presentan os Coros de bonitos e vellos. Estes coros van acompañados de músicos e todos interpretan cantares mentres camiñan na formación. Finalmente, pechando a comitiva van os esperados Xenerais.



Foto e texto recollidos do libro "Boqueixón. Música e Tradición". José M^o Cebeiro Fernández e Xosé Francisco Noia Souto

Os Xenerais, no seu traxecto, dan 'vivas' ás persoas representantes da familia que deron un donativo simbólico previamente. Non entanto, o momento máis esperado polo pobo son os 'atranques', enfrontamentos verbais entre dous Xenerais que se atopan. Normalmente, son unha crítica á vida política do ano que pasou.

Actualmente, apenas dúas parroquias son as que manteñen viva esta tradición. Trátase de Sergude e Lestedo, aínda que diferentes investigacións localizaron a presenza de Xenerais en Lamas, Vigo e Ledesma en épocas pasadas.

O libro "Boqueixón. Música e Tradición" recolle variantes específicas de cada lugar a través de diferentes testemuñas que contaban como foron os carnavais de antano. Un

deles era o señor Manuel Cao, que explicaba que en Ledesma existía a figura do sentinela. Esta máscara daba o alto á columna e mantiña un enfrontamento verbal cos correos e, despois, un dos xenerais mediaba entre ambas partes para poder continuar o camiño. Nestes altos existen dous tipos: os de Fronteiras (dous xenerais pelexan polo territorio) e os de Asemblea (moito máis recentes, manteñen un encontro verbal pacífico antes de chegar á 'guerra').

Xa en Lamas, a señora Pura contaba como de casualidade se incorporou como directora a un dos coros de Parranda. Ataviados de montañeses, ían percorrendo casa por casa exaltando e cantando as virtudes das máscaras. Actualmente, esta tradición está extinta en Lamas.

Porén, en Sergude e Lestedo os costumes de Entroido seguen ben vivos. José Pérez, antigo Xeneral, contaba no libro como con apenas vinte anos fora buscar un cabalo para cumprir o seu soño de ser Xeneral. No caso de José Bermúdez, era o encargado de dar os altos nas fronteiras con Vedra. Nese momento, o franquismo prohibira as máscaras, máis en Lestedo continuaron baixo o ollo atento da Garda Civil.

Unha ditadura, despoboamento rural e incluso unha pandemia... Foi todo o que resistiron as máscaras en Boqueixón. Non podemos obviar que o labor parroquial foi vital para manter a festividade na súa forma máis tradicional. Unha tarefa que pasa de xeración en xeración e que resiste as máis fortes tempestades.

Nova edición do certame 'Xosé Neira Vilas'

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPIP Antonio Orza Couto, ultima a convocatoria do VIII Certame de Relatos Xosé Neira Vilas. O obxectivo desta iniciativa é potenciar a lectura e a promover a lingua galega escrita como medio de creación e comunicación.

O certame está dirixido a rapaces e rapazas de Boqueixón, ou que cursen estudos no municipio, de Primaria e Secundaria. Os

traballos deberanse entregar na biblioteca municipal ou no CPIP Antonio Orza Couto antes do vindeiro 20 de abril.

Estableceranse distintas categorías en función do nivel educativo do alumnado. Cada participante poderá presentar un único relato, de temática libre. Os traballos serán propios e inéditos, escritos a ordenador. O texto entregarase en galego e debe conter unha historia orixinal-real ou ficticia, podendo incluír ilustracións.

Para garantir o anonimato, o relato irá identificado coa categoría á que opta e cun pseudónimo (nunca o nome real). A ficha de participación cos datos correspondentes irá nun sobre pechado que estará grampeado ao texto.

Establécense varios premios en cada categoría e as persoas gañadoras levarán cadanseu diploma, vales en material escolar para gastar en Boqueixón e o libro editado cos traballos gañadores deste certame literario.

A gardería Raíña Lupa abre do 1 ao 31 de marzo o prazo de solicitude de prazas

A Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón abre do 1 ao 31 de marzo o prazo de solicitude de prazas de novo ingreso e renovación. Unha oferta dirixida a nenos e nenas que teñan cumprido 3 meses na data de ingreso e non teñan cumprido os tres anos con data 31 de decembro de 2021.

A solicitude pode descargarse na Sede Electrónica de Boqueixón e a relación da documentación necesaria pode consultarse na páxina web do Concello (www.boqueixon.gal). A solicitude de nova praza ou renovación deberá presentarse a través do Rexistro Xeral do Concello ou da Sede Electrónica (sede@boqueixon.com) antes do 31 de marzo. É necesario solicitar cita previa no teléfono 981 513 106.

O I Torneo Interclub de Judo reunirá a 130 nenos/as no Forte

Un total de 130 nenos e nenas tomarán parte o sábado 5 de marzo do I Torneo Interclub de Judo, organizado pola Escola de Judo e o Concello de Boqueixón. Polo pavillón municipal do Forte desfilarán clubs de Vedra, Rois, Ber-

tamiráns, Milladoiro, Teo e Santiago.

O torneo servirá tamén como debut para a vintena de rapaces e rapazas de Boqueixón, que despois de anos adestrando comezarán a competir a nivel autónomo e nacional.



AXENDA DO MES DE MARZO

Venres
4

Tardes pola igualdade

Ximnasio municipal do Forte. De 15:30 a 16:15 h. De balde. Os contos de Pablísimo presenta "Príncipas y princesos". Inscricións cim@boqueixon.com ou no 981 513 115

Sábado
5

I Torneo Interclubs de Judo

Pavillón municipal do Forte. De 10:00 a 14:00 h. De balde. Nenos/as de Infantil e Educación Primaria.

Domingo
6

XXIX Festa da Filloa de Lestedo

Ver programa na páxina 5.

Martes
8

8M Día da Muller

12:00 h. Casa do Concello. O alcalde dá lectura a un manifesto co gallo do 8M.

Venres
11

Tardes pola igualdade

Ximnasio municipal do Forte. De 15:30 a 16:15 h. De balde. Trémola Teatro presenta "A gran inventora".

Venres
18

Tardes pola igualdade

Ximnasio municipal do Forte. De 15:30 a 16:15 h. De balde. Xarope Tulú presenta "Estrafalaria".

Venres
11

Tardes pola igualdade

Ximnasio municipal do Forte. De 15:30 a 16:15 h. De balde. Trémola Teatro presenta "Valente e rebelde".

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com